

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/25	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	07 de xullo de 2025
Duración	Dende as 13:57 ata as 14:08 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	David García Lareo (Secretario acctal Decreto 2025-0568)

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA**Aprobación da acta da sesión anterior: 23.06.2025**

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 23 de xuño de 2025.

Expediente 1078/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 24 de xuño de 2025, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade derivada dunha causa sobrevida.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento dunha factura de clases de apoio escolar para os menores da unidade convivencial.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona M^a Carmen Castro, con DNI ***168***, correspondo coa factura número 7, por un importe de 80 €.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 1092/2025. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 27 de xuño, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade social e solicita unha axuda de emerxencia social para sufragar unha débeda de alugueiro e servizos.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento de alugueiro e servizos.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a D. Manuel Caramés Rozados, con DNI ***398***,

propietario arrendador da vivenda.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE